

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE *SPANOLEPSIS SELLOANAE* COMO AXENTE DE CONTROL BIOLÓXICO DA ESPECIE DE FLORA EXÓTICA INVASORA *CORTADERIA SELLOANA*

(1) Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica, que en virtude do establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, da súa estrutura orgánica, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a preservación para as xeracións futuras.

Doutra parte, a Universidade da Coruña, representada por Julio E. Abalde Alonso, en calidade de reitor, de acordo co Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, actuando en nome e representación da mesma e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no artigo 85 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio.

**(2) Antecedentes.** O artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Por outro lado, a Universidade da Coruña (en adiante, UDC) é unha institución pública, dotada de personalidade xurídica, que lle corresponde no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Ademais, a UDC ven desenvolvendo unha liña de investigación para o control biolóxico, como método alternativo ao uso dos métodos de control físico ou químico, mediante o díptero cecidómido *panolepsis selloanae*; especie que foi descrita recentemente polos investigadores María José Servia García y Jaime Fagúndez Díaz, Fagúndez, Gagné & Vila 2020, *Phytoparasitica*) e cuxa patente como axente de control ten sido concedida á Universidade con data 01/04/2022 (ES-202030389). No marco desta investigación estanse desenvolvendo liñas de traballo encamiñadas ao coñecemento básico da distribución, ecoloxía e bioloxía de *S. selloanae*, o desenvolvemento do protocolo de conservación e aplicación do axente de control biolóxico e a afección sobre a planta hospedadora e avaliación de riscos.





Mediante este convenio preténdese avanzar na loita contra a *Cortaderia selloana* na Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando a Administración responsable da conservación da biodiversidade que presta atención particular ás especies introducidas de xeito invasor, e a comunidade científica, co fin de desenvolver unha base de coñecementos apropiada para abordar os problemas que está a supoñer a presenza desta especie exótica invasora e tendo en conta que as medidas de xestión que se apliquen deben evitar calquera impacto adverso sobre o medio ambiente e a saúde humana.

**(3) Finalidade.** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa UDC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura e manterá a vixencia ata o 15 de decembro de 2024.

**(4)** O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a UDC para o desenvolvemento de *Spanolepsis selloanae* como axente de control biolóxico da especie de flora exótica invasora *Cortaderia selloana*.

**(5)** O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A consellería, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten competencia para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente, e adoptará as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

Por outro lado, a Universidade da Coruña é unha institución pública que ven desenvolvendo unha liña de investigación para o control biolóxico, como método alternativo ao uso dos métodos de control físico ou químico, mediante o díptero cecidómido *Spanolepsis selloanae*.

As invasión biolóxicas teñen importantes consecuencias a nivel ecolóxico, económico e social, considerándose a segunda causa de perda de biodiversidade a nivel mundial. A *Cortaderia selloana* é considerada unha especie invasora e por iso foi incluída no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (Real decreto 630/2013, do 2 de agosto) dado que estamos ante unha especie que posúe unha gran capacidade invasiva e transformadora do medio, e que comeza a estar presente en zonas costeiras e sistemas fluviais da rede Natura 2000.

Existe polo tanto, un interese mutuo das partes que subscriben este convenio de controlar efectivamente as invasións biolóxicas usando a *Spanolepsis selloanae* como axente de control biolóxico da especie de flora exótica invasora *Cortaderia selloana*.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións





das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio.

Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de **corenta e cinco mil euros (45.000,00€)**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución de anualidades que se indica a continuación, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia (fondos propios):

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2023	Anualidade 2024
<b>08.03.541B.444.0</b> Código de proxecto <b>2016 00362</b>	20.000,00€	25.000,00€

Esta achega, que supón o 30% do importe total do proxecto, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión europea ou de organismos internacionais.

**(6)** Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No lugar e data da sinatura dixital

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén M<sup>a</sup> do Campo Piñeiro

